



BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN NAVIDEÑA “NADAL NO PEREIRO”

1. OBXECTO:

Queremos manter o espírito do Nadal e por iso o Concello do Pereiro de Aguiar, presenta a IV edición do Concurso de Decoración Navideña, enmarcado no proxecto “**Nadal no Pereiro**”. Esta iniciativa vai dirixida a familias e a todos os negocios do municipio.

O obxectivo é intentar que os lugares do Concello se impregnen do espírito de Nadal coa colaboración de todos.

2. PARTICIPANTES:

Poden participar todos os veciños e veciñas do Concello.

Establécense dúas categorías:

a) Familiar:

Nesta categoría poderán participar todas as familias ou persoas individuais, que realicen a decoración nos balcóns, fiestras, fachadas da casa ou xardíns. So se valorarán os exteriores das vivendas.

b) Negocios:

Nesta categoría valorarase toda a decoración de Nadal tanto no exterior coma no interior do negocio.

3. INSCRICIÓNS:

As persoas interesadas en participar no concurso, deberán formalizar as inscricións desde a data de publicación das presentes bases ata o **15 de decembro** e poderán facerse do seguinte xeito:

- ✓ Na Biblioteca Pública, de 9.00 h. a 14.30h, ou de 16.00h. a 20.00 h.
- ✓ No enderezo electrónico: cultura@concellopereiro.com. As **inscricións deberán ir debidamente cumprimentadas**, encontrándose as bases do concurso e os formularios na páxina web do Concello, no Facebook da Omix O Pereiro ou no do Concello do Pereiro de Aguiar.





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

4. XURADO:

O xurado estará formado por membros da Comisión de Valoración e a concelleira de Área de Benestar Social, Festexos, Ocio e Tempo Libre.

5. VALORACIÓN:

O xurado visitará as vivendas e negocios participantes entre o **20 e 29 de decembro** previa comunicación do día e hora aproximada aos participantes. Polo tanto a decoración debe estar colocada nesas datas.

Para a valoración dos elementos decorativos de Nadal, o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- a) Deseño.
- b) Orixinalidade.
- c) Utilización de recursos reciclados ou da natureza.
- d) Iluminación.

Cada membro do xurado puntuará a decoración de 1 a 5 puntos. A suma de todos os puntos recibidos polos membros do xurado, dará lugar aos gañadores do concurso.

O fallo do xurado será o día **30 de decembro**, sendo este inapelable. Os participantes comprométense a aceptar a decisión do xurado.

Os gañadores comunicaranse a través da web do Concello, e por vía telefónica.

6. MATERIAIS QUE SE PODEN EMPREGAR:

Para a decoración das vivendas ou negocios, poderase empregar todo tipo de materiais tanto elementos naturais como decoración lumínica. A técnica e o estilo tamén son libres aínda que é imprescindible que a decoración teña relación coas datas de Nadal.

7. PREMIOS:

➤ **Categoría familiar:**

1º premio: Cesta de produtos dos comercios do Concello, valorada en 100 €

2º premio: Cesta de produtos dos comercios do Concello, valorada en 70€.





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

➤ **Categoría de negocios:**

1º Premio: Cesta de produtos dos comercios do Concello, valorada en 100€.

2º premio: Cesta de produtos dos comercios do Concello, valorada en 70€.

8. ENTREGA DE PREMIOS:

A data de entrega do premio do concurso comunicárase vía telefónica aos interesados e publicarase na web do Concello.

Máis información na web do concello: www.concellopereiro.com, na Biblioteca Pública, no enderezo electrónico cultura@concellopereiro.com ou nos teléfonos de contacto 988 25 98 39 e 685 52 85 38.

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.
O alcalde.

Luís Menor Pérez.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



Cod. Validación: 3NQAAX3653SRWPCH5Q3SZW6K5Q | Corrección: <https://concellopereiro.selectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3